



CIRCULAR INFORMATIVA 14/2018

1. CLASES DE INGLÉS PARA COLEXIADOS 2018-2019

Coma estes últimos anos, o Colexio de Avogados seguirá ofrecendo clases de inglés para todos os colexiados/as interesados/as. De cara a garantir un mellor aproveitamento dos recursos, a Xunta de Goberno, na sesión do pasado 13.09.2018, acordou que a programación do próximo curso se adecúe aos seguintes requisitos de matriculación:

- Crearanse un máximo de 3 grupos ou niveis.
- A creación de cada grupo estará condicionada a **un mínimo de 10 colexiados matriculados e con asistencia regular** durante as sesións do curso. A falta reiterada de asistencia por debaixo dos mínimos antes sinalados poderá dar lugar á anulación das clases nese grupo.
- Establécese unha matrícula e cota de 20 euros/mes para cada colexiado inscrito.

Esta formación será impartida por docentes nativos do Workshop English Center na sede principal do colexio e dará comezo proximamente con horarios e grupos similares aos do curso pasado.

Os colexiados interesados deberán **preinscribirse no curso antes do vindeiro xoves 4 de outubro ás 14.00 h**, por medio de solicitude escrita presentada na secretaría do Colexio ou remitida ao correo electrónico linguista@icasantiago.org.

As persoas preinscristas serán convocadas posteriormente a unha **reunión co equipo docente**, na que se ofrecerá información detallada sobre a formación, a creación de grupos segundo o nivel de coñecemento e a programación dos días e horarios definitivos.

2. CURSO DE LINGUAXE XURÍDICA GALEGA

O Colexio de Avogados, en virtude do convenio asinado coa Xunta de Galicia en materia de normalización lingüística, vai impartir en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica un curso de linguaxe xurídica galega.

Trátase dunha formación transversal que se vén impartindo dende hai anos na Escola de Práctica Xurídica e que ten como obxectivo dotar os profesionais da avogacía de competencias específicas para a produción de textos de calidade. O curso conta cunha homologación da Xunta de Galicia que o equipara ao Curso medio de linguaxe xurídica para os efectos de valorar os coñecementos en lingua galega nos procesos de promoción interna na Administración.





CIRCULAR INFORMATIVA 14/2018

Dirixido a: alumnado do Máster en Avogacía e colexiados/as do ICA de Santiago

Días lectivos: luns, mércores e venres (outubro: 1, 3, 5, 8, 10, 15, 17, 19, 22, 24, 26, 29, 31 / novembro: 5, 7, 9, 12, 14, 16, 19, 21, 23, 26, 28)

Horario: de 12.30 a 15.00 h

Lugar: aula da EPX (planta soto da facultade de dereito)

Núm. de horas: 75 (60 presenciais + 15 non pres.)

Prazas: 25

Requisito de acceso: ter superado ou validado o nivel de lingua galega Celga 4

Certificación: si, expedida conxuntamente pola Xunta de Galicia e polo ICA de Santiago

Custo: gratuíto

Inscripción e prazo: solicitude escrita, presentada na secretaría ou dirixida ao correo electrónico linguista@icasantiago.org; **ata o venres 28 de setembro ás 14.00 h**

Programa: anexo III da [Orde do 13 de xuño de 2011](#) (DOG núm. 121, do 24.06.2011)